



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Diario Oficial de Galicia

venres, 24 de outubro de 2008

71

VI. ANUNCIOS

Número do Dog: 207

Páxina do Dog: 19.457

Data da Disposición:

Sección: VI. ANUNCIOS. DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Organismo: CONCELLO DA CORUÑA

Rango: Anuncio

Título: Anuncio (MPPA-2/2007).

Anuncio (MPPA-2/2007).

O Plano Municipal, en sesión celebrada o 9 de xuño de 2008, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

«Primeiro.-Aprobar definitivamente a modificación puntual ao Plan parcial do sector S-2 Visma presentada por M^a Luz Pérez Fernández, como presidenta da Xunta de Compensación.

Segundo.-Notificar este acordo aos titulares catastrais, ás áreas municipais de Licenzas e Disciplina Urbanística, Xestión do Solo e ao promotor, a quen se requirirá, ademais, para que no prazo de 10 días presente en soporte informático a documentación aprobada para a súa incorporación ao Sistema de Información Xeográfico Municipal.

Terceiro.-Ordenar o cumprimento dos trámites administrativos recollidos nos artigos 92.2º e 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para a entrada en vigor da modificación puntual do plan parcial, logo de cumprimento de requirimento efectuado a promotor en número anterior».

Este acordo pon fin á vía administrativa, podéndose interpoñer contra este, recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que se proceda á súa publicación no Diario Oficial de Galicia ou no BOP ou, se é o caso, se practique a súa notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se considere pertinente.

acoruña
1208-2008



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

1172

A documentación exixida polo artigo 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tivo entrada na Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda o día 28 de agosto de 2008.

Os gastos desta publicación serán aboados pola Xunta de Compensación do sector 2, Visma.

A Coruña, 10 de setembro de 2008.

Alfredo Cerezales Fernández
Director da Área de Urbanismo

© Xunta de Galicia

Información mantida pola Xunta de Galicia

Servizo prestado pola Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza

Correo electrónico: **webdoga@xunta.es**